

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 12/08/2019

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIO/A

MARÍA DEL ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 12/08/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20-ago-2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/3908

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

AGRUP. CORO P. STA. EULALIA	G36197721	560,00 € 12/08/2019 SI
AGRUP. FOLKLORICA FROALLO	G36198927	391,00 € 12/08/2019 SI
ALFERERIA ALTO DO COUSO, S.L.	B32199887	1.422,96 € 12/08/2019 SI
ALLIANZ-RAS SEG. Y REASE.,SA	A28007748	192,08 € 12/08/2019 SI
ALYSER SALNES, S.L.	B94177573	3.787,30 € 12/08/2019 SI
AMBULANCIAS CASABLANCA SANTIAGO, S.L.	B15165392	1.130,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. C. BRISAS DO RIO ULLA-CATOIRA	G36543940	300,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004	268,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	G94007911	630,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. LUMARADA	G94150414	350,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. N. S. XUNQUEIRA	G36160430	268,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. NOS	G36043933	791,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. OS REMOLONS SOBRAD	G36433571	150,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CUL. XEADA	G36358174	268,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CULT. BANDA GAITAS GARANDOIRO	G36536530	268,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CULT. GAITAS DO MAR DE AROUSA	G36499127	391,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. CULT. MALVEIRAS	G36136679	4.073,00 € 12/08/2019 SI

ASOC. CULT. OS XIRIFEIROS	G36439792	391,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	391,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. OS TRASNOS DE GUILLAN	G94118130	391,00 € 12/08/2019 SI
ASOC. PROF. AXENTES IGUALDADE	G36455863	1.260,00 € 12/08/2019 SÍ
OPORT. GALEGA		
ASOC. VECIÑAL O SOUTO	G36564797	300,00 € 12/08/2019 SI
AUTOELECTRICIDAD VIGO, S.L.	B15441330	7.743,36 € 12/08/2019 SÍ
CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE	G94093598	450,00 € 12/08/2019 SI
FONTECARMOA		
CASTROMAN II, S.L.	B36465938	1.372,99 € 12/08/2019 SÍ
CENT. CULT. DEP. S. PLACIDA	G36114502	391,00 € 12/08/2019 SI
CONFITERÍA ANCLA, S.L.	B36104180	387,50 € 12/08/2019 SI
CRESPO GOMEZ, CARLOS	15373039T	302,50 € 12/08/2019 SI
CUEVAS, S.L.	B36027597	868,07 € 12/08/2019 SÍ
DESPERTANDO SOC. DE GEST.	B94105004	4.598,00 € 12/08/2019 SI
INMOB. Y NAUTICA, S.L.		
DIVERNENO VIGO, S.L.	B15573785	242,00 € 12/08/2019 SI
EIREA BARCALA, GUILLERMO	35472961S	210,00 € 12/08/2019 SÍ
ELABORACION GRANITOS MONDARIZ,	B94137072	1.439,90 € 12/08/2019 SÍ
S.L.		
GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	35449729J	1.149,50 € 12/08/2019 SI
GALICOM COMUNICACIONES, S.L.	B15978356	707,85 € 12/08/2019 SÍ
GLOBAL SETUP, S.L.	B94119104	17.972,76 € 12/08/2019 SI
GRAFICAS ANDURIÑA, S.L.	B36108173	3.754,40 € 12/08/2019 SI
GRUAS TRANSPORTES Y	B15853278	968,00 € 12/08/2019 SÍ
ELEVACIONES DEL NORTE, S.L.		
GRUPO MOCEDADE DA TORRE 83	G36185817	391,00 € 12/08/2019 SI
INSTALACIONES PON GAS, S.L.	B36204444	1.205,16 € 12/08/2019 SÍ
INVERSIONES LEREZ, S.L.	B36471662	3.375,90 € 12/08/2019 SÍ
JORGE MIGUEL VÁZQUEZ CASTRO	47401559P	3.993,00 € 12/08/2019 SI
NOR-IBERICA DE BEBIDAS, S.L.	B32309817	4.235,00 € 12/08/2019 SI
O SOÑO DE LILITH	G94133907	982,00 € 12/08/2019 SÍ
OFIMATICA AROSA, S.L.L.	B36378586	217,00 € 12/08/2019 SÍ
ORGANIZ. DE XORDOS DE GALICIA-	G94123064	200,00 € 12/08/2019 SÍ
XOGA		
OTERO RUIZ, LORENA	35484375K	18.089,50 € 12/08/2019 SÍ
OZORES NUÑEZ, M. NIEVES	35443149B	2.447,73 € 12/08/2019 SÍ
PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	B36112043	1.076,90 € 12/08/2019 SÍ
REGUERA FREIRE, DOLORES MARIA	35310825Y	609,84 € 12/08/2019 SI
SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE,	A27843192	1.345,50 € 12/08/2019 SI
S.A.U.		
SERVIZOS XA, S.L.	B70462015	2.722,50 € 12/08/2019 SI
TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	B36365369	889,35 € 12/08/2019 SÍ
WAKE UP PRODUCCIONES, S.L.	B94158987	9.989,76 € 12/08/2019 SI

PRP2019/1471

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Peycar Pontevedra, S.L.** para o subministro de uniformidade de bicicleta para cinco auxiliares da Policía Local, por un importe total de 1.076,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2862

Vista a proposta do encargado do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Autoelectricidad Vigo, S.L.** para a reparación do motor do vehículo matricula 4974FLB, por un importe total de 7.743,36€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3586

Vista a proposta do encargado de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Alyser Salnes, S.L.** para o aluguer, montaxe e desmontaxe dunha andamiaxe para o uso da prensa o 16 de agosto con motivo da Festa da Agua, por un importe total de 1.470,15€ (IVE incluído), con cargo á partida 338-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3587

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servizos XA, S.L.** para a elaboración do plan de autoprotección da festa da auga 2019, por un importe total de 2.722,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3681

Dáse conta do informe da policía local en relación co escrito presentado por D. Ramón Abelenda Ares e D. Julio Rodriguez Portas, solicitando arranxo de dous tubos de estacionamento dobrados na confluencia das rúas Aduana e Rúa da Cruz de Carril, atopándose tamen o mesmo problema na rúa García Lorca. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se procederá á súa reparación polo servizo municipal de sinalización.

Dar conta do presente acordo á Policía Local e ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

PRP2019/3682

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa queixa de Luz María Gómez Raposo, por persoas que pernoctan en portais e accesos a locais comerciais. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que o Concello ten convenio co albergue municipal, para a recollida de transeúntes, pero que a liberdade individual das persoas que durmen na rúa, debe respetarse, e non poden ser obrigados a acudir a albergues. En todo caso as persoas que durman en propiedades privadas, deberán ser denunciadas á Policía.

PRP2019/3683

Dáse conta do escrito presentado por ADM Asesores e/n Dolce Vita, solicitando autorización para reproducir música ambiente cun DJ na fachada do Local, os días 25 de xullo 1, 8, 15, 22 e 29 de agosto, de 20 a 22:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3684

Dáse conta seguinte informe da Policía Local en relación ao escrito presentado por Dona Delia Frade Perez, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar traslado á Sr. Frade Perez do contido do citado informe:

En base aos escritos que se adxuntan presentados por DELIA FRADE PEREZ AXENTE da Policía Local INFORMA:

No relativo ao lixo que se atopa na parte final do paseo marítimo, compróbase que hai restos de plásticos na zona colindante aos baños da praia da Concha, pero non se atopan os restos de vidros citados; ante isto tan só se pode comunicar ao servizo de limpeza que comprobe a zona con un pouco máis de regularidade se cabe.

- En canto ás persoas que "coaccionan" para recibir cartos na zona de aparcamento, observase que efectivamente hai esas persoas pero non se comproba que haxa coaccións á hora de recibilos cartos pola axuda no estacionamento; de ser así, recoméndaselle á persoa remitente que o poña en coñecemento dos servizos policiais ou presente a correspondente denuncia; de tódolos xeitos pódese valorar a opción recollida na ordenanza de tráfico (artigo 26.10) neste aspecto, si ben a esta infracción corresponde unha sanción económica que leva aparelado un longo procedemento, que finalmente acaba coa falla de execución pola insolvencia dos sancionados.

- En referencia aos cans soltos pola zona da praia: nos días comprobados na semana anterior á da data, efectivamente hai persoas coas súas respectivas mascotas, pero non se comproba que anden soltas, polo que se continuará facendo dita comprobación a efectos de que cumpran coa normativa xa existente de levar os cans atados; en referencia ás necesidades que fan estes animais, tentarase reforzar a vixilancia á fin de que non se produza o ensuciamiento das zonas públicas (aspecto este que si que se puido comprobar que pola zona do hotel á carón do paseo, está chea de defecacións animais).

Intensificarase a vixianza na zona.

PRP2019/3685

Dáse conta do escrito presentado por Anxo Antón Queiruga Vila, en representación de **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade**, solicitando autorización para realizar unha xuntanza na zona arborada da Praia da Concha.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que se trata de zona de Costas (Demarcación de Costas de Pontevedra).
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Non se autoriza o acceso con vehículos ao paseo marítimo, deberán aparcar no Ramal.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de 95 sillas e megafonía.

PRP2019/3686

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ás queixas por estacionamentos indebidos no tramo curvo do Camiño do Piñeiro en Renza, próximos á intersección coa rúa Fontevella. A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e visto o citado informe, acorda que se sinalice prohibición de estacionar no tramo curvo, entre os números 21 e a intersección coa rúa fontevella, en ámbalas dúas marxes.

PRP2019/3688

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Galicom Comunicaciones, S.L.** para o subministro de 15 chalecos refelctantes para auxiliares de policia local, por un importe total de 707,85€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3689

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Claudia Viviana Corredor Muñiz** titular do establecemento On Wheels, solicitando autorizaicón para ocupación de vía pública na Avda Mariña nº76, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado, debendo expoñer os seus produtos no interior local, xa que o aproveitamento especial do dominio público solicitado e incompatible co uso da vía pública.

PRP2019/3690

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ás queixas pola mala sinalización existente na confluencia de rúa Salgueiros con rúa Wenceslao Fernández Flórez, a Xunta de Goberno Local visto o citado informe acorda:

- O cambio de contenedores para a esquina dereita no sentido de saída de rúa Salgueiros (a rúa Wenceslao Fdez. é de sentido único e nesa esquina non restan visibilidade)
- Sinalizar con liña amarela o borde en todo o tramo da esquina esquerda e reforzalo con cebreado. E colocar un pivote plástico que impida os estacionamentos que dificultan ese xiro e a visibilidade.

PRP2019/3694

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ao escrito presentado por D. Jorge Mondelo Vidal denunciando o estado de abandono da vivenda propiedade do Concello situada na Avda. Rodrigo de Mendoza, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar, que se vai proceder á demolición da vivenda e que xa se realizaron actuacións para evitar a entrada de persoas alleas á propiedade.

PRP2019/3695

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Teresa Cuiña Vence solicitando poder estacionar na zona peonil de rúa Vista Alegre o día 24 de agosto durante unha hora pola comunión do seu neto. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda non acceder ao solicitado xa que non está permitido o estacionamento en zonas peoniles.

PRP2019/3696

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á venda ambulante que leva a cabo D. Julio Lesende Albela para a que non presenta autorización municipal, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non pode exercer a venda ambulante sen autorización, advertindolle que non caso de continuar será sancionado conforme ao dispotos na ordenanza municipal de mercados.

PRP2019/3697

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ás queixas presentadas polos veciños da rúa Celso Emilio Ferreiro, debido á pocupa visibilidade que provocan os contenedores de lixo na marxe dereita e o estacionamento permantente dun vehículo mixto na reserva para vehículos de discapacitados, a Xunta de Goberno Local de conformidade co citado informe acorda:

- Trasladar os contenedores a continuación do paso de peóns, poñendo no seu lugar estacionamentos de motocicletas ou bicicletas.
- Na marxe esquerda poñer unha praca adicional ou sinal de zona reservada a discapacitados coa lenda só turismos.

PRP2019/3698

Dáse conta do escrito presentado por **Eladio Lema Gómez** solicitando colocación de espellos para mellorar a visibilidade e reposición de sinal informativa de localización no lugar de Cea, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda colocar un espello na rúa bouza de Cea coa súa Travesía.

PRP2019/3700

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Crespo Amigo, en representación de **Asociación Española Contra el Cancer**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 14 de agosto de 2019, con motivo da celebración da cuestacion anual. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3702

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ó estacionamento de vehículos na rotonda de Veiga de Lamas, obstaculizando a baixada da beirarrúa, a Xunta de Goberno Local visto o citado informe acorda sinalizar un paso de peóns por tratarse ademais dun paso frecuentado por nenos que acceden ao colexio.

PRP2019/3701

Dáse conta do escrito presentado por **ABANCA Corporación Bancaria, S.A.**, solicitando autorización para colocar un autobús de abanca oficina movil o día 18-08-2019 na rúa Mariña de Carril, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda comunicarlle que deberá solicitar autorización a Portos de Galicia titular dos terreos da ocupación, en todo caso deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3745

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ó proxecto de transporte público clave XG830 Tódalas liñas do proxecto XG830, con orixe e destino na Estación de Autobuses de Vilagarcía, teñen marcado o itinerario de entrada /saída a través da Praza de Ravella, non sendo posible realizar a entrada por esta rúa, ademais de por cuestións relativas ás dimensións e configuración das rúas, e ordenación do estacionamento nas mesmas, o propio recinto da Estación de Autobuses ten unha entrada e unha saída.

Esta última na rúa López Ballesteros e saen os vehículos do recinto en dirección á Praza de Ravella. Polo tanto a entrada de vehículos á estación ten que ser obrigatoriamente a través da rua Moreira Casal e Praza da Estación, lugar no que se ubica o acceso rodado á mesma.

A liña XG-83009 AMIL-CARRIL, ven fixada na planimetría unha parada de transporte de viaxeiros na rúa Juan Carlos I, á altura do Concello, a mencionada parada non está materializada xa debido ás dimensións da rúa, pertence ó trazado da N-640 A, á densidade de circulación e que a calzada consta unicamente dun carril de circulación para cada sentido da marcha e dividido por liñas contínuas, as paradas neste lugar causan situacións de risco para a circulación. Esta parada está preto da Estación de Autobuses, a non mais de 200 metros co que eliminala pudiera ser un prexuízo menor, ou no seu defectos reubicala nun lugar no que se poida materializar unha parada sen risco.

En canto ás liñas con orixe e destino na Estación do Cavadelo, unicamente a XG-83006 CAVADELOCAVADELO, que fai o seu percorrido en dirección a Castroagudín, ten fixado un itinerario de saída pola Avda. Da Mariña para circular en sentido á Estación de Autobuses. Para esta liña igual que as outras dúas que pasan pola Estación do Cavadelo, parada dedicada aos autobuses urbanos que xa se atopa saturada, resultando que en determinados momentos autobuses de outras liñas fan paradas invadindo a glorieta de Conde Valledano, o que causa risco para a circulación; é máis sinxelo escomezar a ruta pola rúa Rivero de Aguilar, vía de titularidade de Portos do Estado, xa que a circulación de autobuses pola Avda. Da Mariña é máis complexa debido ás dimensións da rúa, estacionamento de vehículos, circulación de peóns e outras circunstancias relacionadas coa circulación, ademais é unha rúa que con frecuencia está pechada á circulación por actos festivos, eventos deportivos, culturais e outros.

As liñas XG-83005 CALDAS DE REIS (MIL PIES)- VILAGARCIA (CAVADELO) e a liña XG-83010 CALDAS DE REIS-VILAGARCIA (CAVADELO), ten marcado o itinerario pola rúa Rivero de Aguilar, non accedendo á Avda. Da Mariña, tamén mencionar que esta última ten fixada unha parada na Avda, de Juan Carlos I, á altura do Concello, que como xa se indicou é perigoso mantela.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3746

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Piñeiro Andujar, solicitando autorización para celebración dun concerto na rúa Romero Ortiz, o día 13 de agosto de 2019, en horario de 13:00 a 15:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3747

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Inversiones Lerez, S.L.** para subministro de vestiario e EPIs para o persoal da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, por un importe total de 3.375,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3752

Dáse conta do escrito presentado por David Jimenez Abalo e/n **Dominguez e Bandín C.B.**, solicitando autorización para a instalación da “DUENDENETA” con 12 vallas de protección, na rúa Mendez Núñez entre as 22 horas do día 15 e as 16 horas do día 16 de agosto de 2019, con motivo da celebración da festa da auga.

A Xunta de Goberno Local Visto o informe da Policía Local acorda acceder ao solicitado debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3886

Dáse conta do escrito presentado por Dona Vanessa Lucia Vazquez Rey, responsable do Chiringuito Parque Compostela - Café Bar, solicitando autorización para celebración de concertos os días 10, 11, 16, 24 e 31 de agosto de 2019 de 17:00 a 21:00 horas

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá respectar os horarios de peche da actividade, tal como veñen recollidos na concesión da adxudicación da explotación.

PRP2019/3888

Vista a proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións veciñais para a aprobación de petición de autorización de uso e ocupación de parcela privada en rúa Rodrigo de Mendoza (Finca D'Ouro), a xunta de Goberno Local acorda:

1- Aprobar a solicitude de autorización para a ocupación e uso durante o tempo estival (xuño-setembro) de terreos situados en rúa Rodrigo de Mendoza (Finca D'Ouro), propiedade da entidade Stanford Overseas, S.L. como aparcamento disuasorio, facéndose o Concello cargo da limpeza da parcela, así como responsable dos danos que poidan causarse na mesma durante o período de ocupación.

2- Requerir ó representante da entidade Standord Oversas, S.L. para que pase polo Concello a efectos de formalizar a devandita autorización.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/3732

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto da contratación á Organización de Xordos de Galicia- Xoga, por importe de 200,00€ con cargo á partida 231-22643, do taller de contancontos en lingua de signos para nenos e nenas de 2 a 6 anos, para as festas de San Roque.

EMPREGO

PRP2019/3740

Dáse conta de notificación da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da consellería de Economía, Emprego e Industria, da concesión de subvención por importe de 25.000,00 € para a contratación de 1 persoa técnica, para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/3734

Dáse conta de Resolución da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, de 31 de xullo de 2019, pola que se da publicidade das axudas concedidas a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero nas bibliotecas e axencias de lectura públicas de titularidade municipal, no marco do programa Ler Conta Moito, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha axuda por importe de 961,53€, debendo xustificar o concello un gasto mínimo de 961,53€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/3737

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Cuevas, S.L.** para reparación do colector de vidro soterrado sito na Praza de España, por un importe total de 868,07€ (IVE incluído), con cargo á partida 170-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2019/3735

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dunha Campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos, nas vindeiras festas de San Roque e máis a colocación dun PUNTO LILA seguro, no que informarse para denunciar posibles agresións á integridade as noites do 15 ao 16 de agosto e a do 22 ao 23 de agosto, por un importe total de 4.955,93€, con cargo á partida 2312.22799, coa seguinte desagregación:

- Orzamento de **Dona M^a Nieves Ozores Nuñez**, para instalación dos paneis de rotulación e inchado do globo de helio, así como recollida destes materiais, por importe de 2.447,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799.
- Orzamento de **Alyser Salnés, S.L.** polo aluguer de caseta, por importe de 508,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.203.
- Orzamento de **O Soño de Lilith**, para a difusión e atención do Punto Lila o día 22/08, por un importe de 740,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799
- Orzamento de **Asociación Profesional de Axentes de Igualde de Oportunidades Galega**: Atención do Punto lilia dende as 00.00 h do día 15 ata as 10 h. do día 16 de agosto, por importe4 de 1.260,00 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3736

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo da aprobación do orzamento presentado pola Empresa Transportes Sartal (D. Tomás Sartal Gómez) para o transporte de un tramo de vía cedida pola Fundación Camilo José Cela, dende Padrón a Vilagarcía de Arousa (Museo do Ferrocarril), por un importe total de 2.178,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22799, modificándose o importe, pasando a ser de 968,00€ xa que os traballos de descarga do camión en Fexdega realizaranse cos medios propios do Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/3739

Dáse conta da sentenza do Xultado Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra, desestimando o recurso presentado por Dona Judith Nogueira Aragunde, motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por unha caída na Avda da Mariña o día 12-09-2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/3738

Vista a proposta da Concelleira da Area de Igualdade de modificación do provedor da prestación do servizo da sesión de DJ, dentro das actividades "Vilagarcía Diversa e Orgullosa", do 17 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda a anulación do orzamento de Dona Raquel Rodríguez Soto aprobada na Xunta de Goberno Local de 22 de xullo, e aprobación do orzamento de **O Soño de Lilith**, pola realización da sesión vermut con "Señora DJ" dentro da actividade "Vilagarcía Diversa e orgullosa" o día 17 de agosto de 2019, por importe de 242,00€ con cargo á partida 2312-22615

CULTURA

PRP2019/3741

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Castroagudín:

Con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
----------	---------	----------

Material de limpeza e cociña	233,50	CASTROMAN II, SL
Colocación de Espello	210,00	GUILLERMO EIREA BARCALA
7 Sillas PF Negra	217,00	OFIMATICA AROSA, S.L.

Con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Compra de TV, Soporte e Radiador		
1.139,49		CASTROMAN II, SL

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3742

Vista a solicitude de D. José María Tella Doval, en representación de **Nooma Producciones** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 29 de setembro de 2019, para a representación do espectáculo "Peter Pan, aventura en Nunca Jamás", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle así mesmo:

Será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Será a cargo do solicitante ou organizador, os gastos de xiro postal na oficina de correos, correspondente os ingresos obtidos na taquilla o mesmo día da actuación.

Deberán entregar na Concellería de Cultura, póliza de seguros de responsabilidade civil, así como recibo de abono da mesma.

